



XOVES, 18 DE XULLO DE 2024 | JUEVES, 18 DE JULIO DE 2024 | BOP NÚMERO 138

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VILARMAIOR

Secretaría - Intervención

Información pública padróns fiscais taxa SAF maio 2024

ANUNCIO

Aprobación de padróns fiscais

Mediante Decretos da Alcaldía de datas do 13 de xuño de 2024, aprobáronse os padróns fiscais da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, en libre concorrencia e de dependencia, correspondentes ao mes de maio de 2024, por importe de 1.455,20 euros e 2.584,98 euros respectivamente, o cal se expón ao público, para a súa notificación colectiva, de acordo co establecido no artigo 102.3 da Lei 58/2003 do 17 de decembro, xeral tributaria, durante o prazo de quince días, a contar desde o día seguinte ao da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de edictos do concello. Durante este prazo o padrón estará a disposición dos interesados a efectos de reclamacións. Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións incorporadas a este, os contribuíntes e, en xeral, os interesados, poderán interpor os seguintes recursos:

1.- Reposición, perante a Alcaldía deste concello, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ó da finalización da exposición pública do padrón, que se entenderá rexeitado se no prazo dun mes desde a súa presentación non se resolve de maneira expresa.

2.- Contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, e no prazo de seis meses desde a súa interposición, se non o fose.

3.- Poderá interporse calquera outro recurso que os interesados consideren oportuno.

Vilarmaior, 13 de xuño de 2024

O ALCALDE,

Carlos Vázquez Quintián

2024/5107